

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 1 DE SETEMBRO DE 2014.

Presidente:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

Concelleiros:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ.

Secretaria accidental:

D^a. FÁTIMA CORTIZO SEIJAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA N° 36 DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 25 DE AGOSTO DE 2014.

Acordouse aprobar a acta núm. 36/2014 correspondente á sesión extraordinaria celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 25 de agosto de 2014 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZA DE OBRA.

2.1.- Acordouse conceder á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (TURISMO RÍAS BAIXAS), LICENZA DE OBRA para construción dunha nave destinada a viveiro de empresas, sita no Polígono Industrial Lalín 2000.

3.- LICENZAS DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS.

3.1.- Acordouse autorizar a celebración da Festa de Bendoiro-Lalín.

3.2.- Acordouse autorizar a celebración da Festa de Goiás-Lalín.

3.3.- Acordouse autorizar a celebración da Festa de Moneixas-Lalín.

4.- EFICACIA DE COMUNICACIÓNS PREVIAS.

4.1.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA a **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO TIRABEQUE PORTAL A** para impermeabilización de canalóns e arranxo de cotegrán da fachada na R/ Ramón Aller n 67, de Lalín

4.2.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA para substitución de tella existente en Porto do Alle n 25 (Filgueira), de Lalín

4.3.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA a **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AREAL 68,** para mantemento de cuberta e fachadas do edificio sito en R/ Areal 68, de Lalín

4.4.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA para o exercicio da actividade consistente en Consulta de Psicoloxía sita na Av. Buenos Aires nº 32 - baixo de Lalín.

5.- DECLARACIÓN DE FORA DE ORDENACIÓN.

5.1.- Acordouse a Declaración de Incursión na situación legal de Fóra de Ordenación Total dunha vivenda e construcións anexas sita no lugar de Froxán nº6, parroquia de Castro de Cabras, de Lalín.

6.- INFORMES PREVIOS.

6.1.- Acordouse aprobar o informe do enxeñeiro técnico municipal de data 19 de agosto de 2014, *relativo ás posibilidades de ampliar a rede de abastecemento municipal ata o lugar de campo da parroquia de Bermés para dar servizo ás vivendas núms. 23 e 24.*

6.2.- Acordouse aprobar o informe respecto a solicitude de modificación de concesión outorgada en data 09/03/2007, no lugar de Abonxo, parroquia de Val do Carrio, de Lalín con destino a uso doméstico.

6.3.- Acordouse aprobar o informe técnico municipal de data 25 de agosto de 2014 de Comunicación Previa para retellar tellado en lugar de Iglesia (Goiás) nº27, de Lalín.

7.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

7.1.- Acordouse aprobar o informe emitido polo arquitecto técnico municipal de data 22 de agosto de 2014 sobre información urbanística relativa a finca rexistral nº32346 (IDUFIR 36005000218740), denominada Barreiro Grande, sita no lugar de Vilamallor, da parroquia de Botos, de Lalín.

8.- FACTURAS E CONTAS.

8.1.- Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe 68.591,51.

9.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

9.1.- Acordouse a devolución da fianza depositada na Tesourería Municipal polo importe de 580 €, como garantía para responder dos posibles danos xerados pola reparación da fachada e xardiñeiras na rúa da Ponte, 18.

10.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

10.1.- Acordouse aprobar a certificación de obra nº 2 e final, correspondente ao mes de agosto de 2014 da obra **“CREACIÓN DUNHA SALA DE ACTIVIDADES MUSICAIS E MULTIMEDIA, CERCIO, LALIN”**.

11.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

11.1.- Acordouse a creación do **FICHEIRO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL “MUNDO LALIN” DO CONCELLO DE LALÍN.**

11.2.- Acordouse conceder un vado emprazado na rúa Caracas núm. 7 e 9- Lalín co número 673.

11.3.- Acordouse a Baixa en SAF para persoas en situación de

dependencia e Ampliación horaria no SAF para persoas en situación de dependencia.

11.4.- Acordouse a DECLARACIÓN EN SITUACIÓN DE RUÍNA DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA AREAL N. 52 DE LALÍN (exp. n. 13/01/R).

11.5.- Acordouse modificar o acordo adoptado na Xunta de Goberno Local de 11 de agosto de 2014 relativo a eficacia da comunicación previa de obras presentada (registro de entrada n. 3789 de 26/06/14) por GAS GALICIA SDG S.A. para execución da obra denominada “Rede de distribución para subministro de gas natural en Lalín”.

11.6.- Acordouse minorar o importe de 500 euros inicialmente concedido pola Xunta de Goberno Local de 1 de agosto de 2014, en función da actuación dunha banda de categoría A, resultando un importe de 400 euros conforme coa xustificación presentada e en cumprimento das bases reguladoras das axudas para a celebración de festas parroquiais.

11.7.- Acordouse Rexeitar as alegacións formuladas por GAIA LALÍN ARENA S.L. no escrito de 29 de xullo de 2014 (RXE núm. 4445) á acta de recepción negativa, con base nas consideracións contidas nos informes emitidos pola Tesoureira Accidental e a Técnica de Contratación de 20 de agosto de 2014, que se achegan a este informe e forman parte do mesmo.

11.8.- Acordouse Iniciar o expediente para a cesión do uso dos locais que a continuación se describen á Deputación provincial:

- **Módulo Multiusos:** local formado por un espazo circular situado na planta baixa con acceso de patio interior ao que se accede pola Praza de Galicia, inscrito no Rexistro da Propiedade de Lalín no Tomo 839, Libro 301, Folio 79, Título Obra Nova, Asento 1669 e Diario 62. Superficie útil: 167 m2. Superficie construída: 177 m2.
- **Módulo OMIX:** local formado por un espazo circular situado na planta baixa, con acceso desde o patio interior ao que se accede pola Praza de Galicia, inscrito no Rexistro da Propiedade de Lalín no Tomo 839, Libro 301, Folio 79, Título Obra Nova, Asento 1669 e Diario 62. Superficie útil: 69 m2. Superficie construída: 75 m2.
- **Módulo Radio:** local formado por un espazo circular situado na planta baixa, con acceso polo patio interior ao que se accede pola Praza de Galicia, inscrito no Rexistro da Propiedade de Lalín no Tomo 839, Libro

301, Folio 79, Título Obra Nova, Asento 1669 e Diario 62. Superficie útil: 80 m2. Superficie construída: 86 m2.

11.9.- Acordouse Autorizar e comprometer un gasto por importe de 956,50 € (IVE incluído), con destino á adquisición de licenzia antivirus.

11.10.- Acordouse Autorizar e comprometer un gasto por importe de 14.799,21 € (IVE incluído), con destino á adquisición de 25 ordenadores das características reflectidas no informe enriba mencionado.

11.11.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 3.273,05 € (IVE incluído), con destino ó subministro e colocación dunha mampara de aluminio anodizado natural, conforme ó orzamento que se achega á presente proposta.

11.12.- Acordouse autorizar o gasto, por importe máximo de 3.327,50 €, con destino á reparación das pontes sobre o Lago e o Río Pontiñas, debido ó seu estado de deterioro que obrigou a pechalas.

11.13.- Acordouse a cesión da UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A da seguintes instalacións:

- Centro de Transformación núm. 1 manobra exterior 2L1P de 630 kVA.
- 12 metros, aproximadamente, de liña de media tensión subterránea en conductor tipo RHZ1-2OL 12/20 kV 3*1*240mm² Al.
- 696 metros, aproximadamente, de rede de baixa tensión subterránea en conductor tipo XZ1 0,6/1KV 4 (1*240) Al.
- 4 metros, aproximadamente, de canalización composta por nove tubos roxos.
- 60 metros, aproximadamente, de canalización composta por seis tubos roxos.
- 214 metros, aproximadamente, de canalización composta por dous tubos roxos.
- 98 metros, aproximadamente, de canalización composta por catro tubos roxos.
- 1 metro, aproximadamente, de canalización composta por un tubo roxo.

11.14.- Acordouse acollerse á Orde do 28 de xullo de 2014 e solicitar unha subvención de 20.000,00 € para o desenvolvemento do proxecto “Preservación dos hábitats ou ecosistemas naturais mediante a implantación e mantemento de sebes, de preservación de cultivos, de canalización de auga e restauración de fonte pública en Acevedo, en rede natura 2000”.

12.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

12.1.- Acordouse conceder autorización municipal para a realización dunha actividade “Maratón de Bailes Latinos” o día 6 de setembro de 2014 as 23:00 horas na Praza da Igrexa e a “Elaboración de cócteles sen alcohol” o mesmo día as 23:30 horas e en caso de mal tempo poder utilizar o pavillón municipal.

**A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acordou:
Acceder ó solicitado.**

12.2.- Acordouse autorización para o acceso o expediente relativo a licenza de obra para peche perimetral de lindeiro oeste da finca de referencia catastral 2843010NH7224S0001BO, sita na rúa dos Caraveis núm. 2 da parroquia de Lalín.
